

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE XULLO DE 2014**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 21 de xullo de 2014

HORA DE COMEZO: 14:14 h.

HORA DE REMATE: 14:50 h.

ASISTENTES:

D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández (alcaldesa en funcións), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde), D. Pío Millán Blanco, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar sobre a mesa, pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 11 de xuño de 2014.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 17 DE XULLO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto

de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e

estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE Nº 24.938.-** A CAMPING-CAR AREA, S.L., con enderezo en Avda. Ricardo Mella, nº 350-Vigo, para Arneles-Pinténs-O Hío, en solo no urbanizable de Area de Tolerancia e solo non urbanizable común, regulado pola ordenanza 12 e 13, construír unha edificación de planta baixa para campamento turístico nunha superficie de 139,15 m2., e un cerramento de 157,15 ml., de conformidade co proxecto básico dos arquitectos, Javier Rial Lemos, José Manuel Diéguez Dapena e Carlos Alonso Ríos, o día 2 de febreiro de 2014 e condicionado a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución visado, oficios de dirección e estudo de seguridade, así como, formalizar a cesión dos terreos a incorporar ao vieiro municipal e o aval para responder das obras de urbanización. O cumprimento destas condicións é requisito indispensable para a eficacia desta licenza.

**EXPEDIENTE Nº 25.020.-** A Manuel Sotelo Pastoriza, con enderezo en Rúa Nicaragua, núm. 10-6ª-Vigo, para en Rúa Méndez Núñez, núm. 19-Cangas, legalización de adaptación de edificación e demolición de sobreático da vivenda nunha superficie de 62,45 m2., de conformidade co proxecto do arquitecto, Javier Rial Lemos, con data de visado 9 de maio de 2014.

**EXPEDIENTE Nº 25.083.-** A Emilio Padín García, con enderezo en Rúa Gondomar, núm. 7-4ºesq.-Cangas, para en predio 7-Baixada ao Salgueirón-Balea- Darbo, para consolidación e conservación de volume en edificación existente en 55,30 m2., de planta baixa, e outro tanto de primeiro andar, de conformidade co proxecto de xuño de 2014, e condicionado a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución visado, oficios de dirección e estudo de seguridade. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fçora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fçora de ordenación.

## 2.A.2) LICENZAS PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

### **EXPEDIENTE Nº 22.672.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR CONCEPCIÓN RODAL CHAPELA**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, o día 27 de xuño de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Concepción Rodal Chapela, con enderezo en Airiños do Monte, núm. 37-San Roque-Darbo, para rehabilitación e ampliación de vivenda sito en Rúa Garellly, núm. 20-Cangas, construídas ao abeiro da licenza municipal nº 22.251.

### **EXPEDIENTE Nº 23.672.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR MARTA OTERO FERNÁNDEZ E XOSÉ HENRIQUE VÁZQUEZ VICENTE**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, o día 16 de xullo de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Marta Otero Fernández e Xosé Henrique Vázquez Vicente, con enderezo en Estrada Provincial, núm. 34-4º-Vigo, para vivenda sita en Menguíña-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal nº 21.324.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

### **EXPEDIENTE Nº 24.030.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR MARÍA ESTHER IGLESIAS MIRANDA**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 15 de xullo do 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a MARÍA ESTHER IGLESIAS MIRANDA, con enderezo en Camiño de Areacova, núm. 78-Aldán, para vivenda sita no referido lugar, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 23.113.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

## **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.058.- A María Josefa Fernández González, reposición de noiro e muro de cachotería en Vilanova, nº 078-A-O Hío.

#### **4º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

##### 4.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 49/2010-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 21.7.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 49/2010-S, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 49/2010-S*

*PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 28 de maio de 2014, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de M<sup>a</sup> del Carmen Chapela Sotelo e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de San Pedro-Darbo, obras consistentes en realizar unha edificación para ampliación de vivenda, sen efectuar o recuado de 3,00 metros do lindeiro, sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado, o día 11 de xullo de 2014, rexistro de entrada nº 8346, formula alegacións ó expediente sancionador sinalando que:*

- Por motivo económicos non efectuou as obras de demolición, que se anule a proposta de sanción e se lle dea un prazo para a demolición parcial.*

*Visto o artigo 208 da LOUGA: 'Os feitos constatados polo persoal funcionario da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os administrados.'*

*Como sinala o artigo 219: '...nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancias das súas condicións serán sancionadas, por infraccións urbanísticas, as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor/a das obras, propietario/a dos terreos ou empresario/a das obras e os técnicos/as redactores do proxecto e directores/as das obras.'*

*O artigo 219. 4: '... As sancións que se lle impoñan aos distintos suxeitos por unha mesma infracción terán entre si carácter independente.'*

*O artigo 223: 'O prazo para resolver o procedemento sancionador será de un ano contado desde a data da súa iniciación.'*

*Resultando que no artigo 216 da LOUG se sinala que: 'Toda infracción urbanística implicará a imposición de sancións ós responsables, así como, a obrigação de resarcimento dos danos e indemnizacións das perdas a cargo deles, todo isto con independencia das medidas previstas na sección anterior.'*

*O artigo 220.4 da LOUG sinala que: 'O responsable da infracción terá dereito a unha redución do 80% da multa que deba impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.'*

*Visto que as alegacións presentadas non desvirtúan os feitos probados e que a lei dá a posibilidade aos infractores de repoñer a legalidade urbanística para así aplicar unha redución do 80% da sanción, sempre que esta se produza antes da resolución do procedemento.*

*Polo exposto, PROPONSE:*

*\* Desestimar a alegación presentada o día 11 de xullo de 2014, rexistro de entrada nº 8346, por M<sup>a</sup> Carmen Chapela Sotelo, ao expediente sancionador nº 49/2010-S, xa que esta non desvirtúa os feitos probados. A propia lei do solo dá a posibilidade aos infractores de repoñer a legalidade urbanística para así aplicar unha redución do 80% da sanción, sempre que esta se produza antes da resolución do procedemento (artigo 220.4 da LOUG), e esixe que toda infracción conleve aparellada a súa correspondente sanción.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado, sen necesidade de práctica de proba, a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3. da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que M<sup>a</sup> del Carmen Chapela Sotelo, na súa calidade de promotora, é responsable directa da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001€.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a M<sup>a</sup> del Carmen Chapela Sotelo, na súa calidade de promotora, unha multa sancionadora de 6001€, por infracción ao ter cometido obras no lugar de San Pedro-Darbo, consistentes en realizar realizar unha edificación para ampliación de vivenda, sen efectuar o recuado de 3,00 metros do lindeiro.*

*O que se lle notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, para tales efectos,ponse de manifesto o expediente para que poidan examinalo e de ser o caso, obter as copias dos documentos que constan neste durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Una vez concluído o mencionado prazo, a proposta de resolución será elevada ao órgano competente para resolver o procedemento, xunto cos documentos, alegacións e informacións que consten neste.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese á interesada que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 49/2010-S.

4.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 24/2011-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 11.7.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 24/2011-S, que é como segue:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31/03/2014 RECAÍDA EN EXPEDIENTE DE SANCIONADOR Nº 24/2011-S*

*Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por JUAN RAFAEL PÉREZ ABILLEIRA, contra acordo da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo de 2014, do expediente sancionador nº 24/2011-S, polo que se impón unha sanción ó recorrente de 6.001 €, pola realización de obras en Rabáns, consistentes en realizar desmonte e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4 m., de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m<sup>2</sup>., e un muro de contención de mais de 2,50 m. a menos de 4 m., do eixo, resultan os seguintes:*

*ANTECEDENTES DE FEITO*

*PRIMEIRO.- O día 8 de xuño de 2011 levantouse acta de inspección urbanística polo inspector municipal, sinalando que no lugar de Rabáns se estaban a realizar obras consistentes en realizar desmonte e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4 m. de alto nun predio de aproximadamente de 3.000 m<sup>2</sup>., e un muro de contención de mais de 2,50 m., a menos de 4 m., do eixo. Tramitado expediente de restauración da legalidade urbanística, este remata por Resolución de Alcaldía do día 11 de xullo de 2011, ordeando desmonte e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4 m., de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m<sup>2</sup>., e un muro de contención de mais de 2,50 m., a menos de 4 m., do eixo.*

*SEGUNDO.- En cumprimento do disposto no artigo 219 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, por acordo da Xunta de Goberno Local incoouse procedemento sancionador polos feitos descritos no antecedente primeiro deste informe, expediente que unha vez tramitado rematou con acordo da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo de 2014 polo que se impón unha sanción ao recorrente de 6.001 €, logo da desestimación das alegación formuladas no expediente o día 28 de outubro de 2013.*

*TERCEIRO.- No recurso de reposición interposto o infractor alega que:*

- O expediente 24/11 foi remitido á APLU para a súa tramitación e que, polo tanto, cedida a competencia para a instrución do expediente. Alegan vulneración do principio non bis in idem, ao impoñerse dúas sancións administrativas en dous procedementos administrativos diferenciados con identidade de obxecto, causa e persoas intervinentes.*

*A este respecto cabe destacar que o expediente remitido á APLU, foi o nº 22/13, denuncia a execución de muros de contención e pilares que parece darán lugar á construción dunha edificación, uso constructivo para a que a reposición da legalidade urbanística é competente a APLU. Desde o momento da remisión deste expediente á APLU, por un uso construtivo, o concello abstívose de toda actuación no asunto do que non é competente, non así doutro expediente tramitado nº 24/2011, para o que si o é (desmonte e recheo con muros de contención). Como sinala o inspector municipal en informe do día 2 de xullo de 2014 " ..Inicialmente en 2011 se realizaron obras de muros de contención, desmonte e movementos de terras, polas cales se incoou o expediente de infracción urb. nº 24/11. Posteriormente en 2013, nunha nova visita ó lugar, compróbase que se realizaron a maiores mais demontes, muros e mesmo se estaba realizando unha edificación de planta baixa. Obras polas cales se incoou un novo expediente de infracción nº 22/13.*

*Cómpre destacar así mesmo, que en relación ao expediente nº 22/13, remitido á APLU o pasado 2 de xullo de 2014, a xefa do servizo provincial da APLU deu traslado de ditos expediente novamente ao concello, ao entender que a competencia para adoptar as medidas para as obras realizadas no lugar de Rabáns é do alcalde, ao comprobarse na visita de inspección realizada que non existe ningunha edificación no terreo, unicamente movementos de terras para abancalar o terreo, polo que queda suficientemente probada a non vulneración do principio non bis in idem alegado polo sancionado.*

- *Alegan a caducidade do expediente.*

*A LOUGA sinala que inocado o procedemento sancionador este debe resolverse no prazo de un ano, a contar desde a data da súa iniciación. Neste caso non será de aplicación o prazo xeral dos procedementos tramitados exclusivamente ao abeiro do R.d. 1398/1993. Así se ten pronunciado o TSXG na sentenza nº 919/2008, do 27 de novembro. Este é un prazo de caducidade, polo que resulta viable a incoación dun novo procedemento sempre e cando a infracción non prescribise (artigo 92 da Lei 30/1992). Sentenza do TS 12/06/2003.*

*Por outra banda o TS, en sentenza do 26 de maio de 2010, estableceu que o prazo para resolver o expediente computa desde o acordo de inicio, sen que deban considerarse as actuacións previas de investigación. En canto ao último día para finalizar o expediente 'dies ad quem', debemos ten en conta o disposto no artigo 58.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Este artigo establece que para os solos efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, será suficiente a notificación que conteña, cando menos, o texto íntegro da resolución, así como, o intento de notificación debidamente acreditado.*

*O expediente sancionador iniciouse por acordo da Xunta de Goberno Local o día 17 de xuño de 2013 e rematou coa notificación da imposición da sanción ao interesado o 22 de abril de 2014, polo que a alegación formulada debe ser desestimada.*

- *Alegan, así smo a falta de tipifidade da sanción.*

*Consta no expediente informe do arquitecto municipal do día 18 de abril de 2013, no que tipifica a infracción como non legalizable, ao abeiro do previsto no artigo 217.3.b da LOUG, ao tratarse de obras non permitidas nun solo rústico de protección de espacios naturais, polo que esta alegación tamén debe ser desestimada polos razoamentos expostos.*

### *CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS*

*PRIMEIRA.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado, de conformidade co establecido no artigo 116 da lei 30/1992, corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía do día 16 de xuño de 2011. 'Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...'*

*SEGUNDO.- O artigo 219.1 da LOUG, sinala que nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infraccións urbanísticas, as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor/a das obras, propietario/a dos terreos ou empresario/a das obras, e os técnicos/as redactores do proxecto e directores/as das obras.*

*Consta no expediente informe do arquitecto municipal do día 18 de abril de 2013 que sinala que as obras realizadas están tipificadas como graves, segundo o disposto no artigo 217.3.b da LOUG.*

*Por todo o exposto, PROPONSE:*

*PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por JUAN RAFAEL PÉREZ ABILLEIRA, contra acordo da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo de 2014, do expediente sancionador nº 24/2011-S, polo que se impón unha sanción ao recorrente de 6.001 €, pola realización de obras en Rabáns, consistentes en realizar desmante e recheo con muros de contención de mampostería de máis de 4 m. de alto nun predio de aproximadamente 3.000 m<sup>2</sup>., e un muro de contención de máis de 2,50 m., a menos de 4 m., do eixo, confirmando esta en todos os seus termos, polos razoamentos expostos no corpo deste informe-proposta.*

*SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 24/2011-S.

## **EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO**

### **5º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DAS NORMAS INTERNAS DA ESCOLA DE MÚSICA "MESTRE INOCENTES CAMAÑO"**

Vista a proposta do día 15.6.14 do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación da actualización das normas internas da Escola de Música "Mestre Inocentes Camaño", que é como segue:

*"D. José Luis Gestido Porto, concelleiro de cultura, ensino, patrimonio, xuventude e voluntariado, visto o escrito recibido nesta concellería o 15 de xuño por parte da dirección da Escola de Música "Mestre Inocentes Camaño", no que se solicita :*

- *Aprobación da actualización das normas internas da escola.*
- *Visto e praxe aos órganos de xestión do centro.*
- *Incorporación e aplicación nas normas da escola da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- *Fixar a documentación necesaria para a aplicación das bonificacións das familias, ampliando o baremo ás familias monoparentais.*

*Propón que:*

*\* Dita solicitude sexa levada á xunta de goberno do concello para a súa aprobación."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación da actualización das normas internas da Escola de Música "Mestre Inocentes Camaño".

### **6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/SOLICITUDE DE APLICACIÓN DO DECRETO 89/2013, DO 13 DE XUÑO, PARA A APLICACIÓN DE MATRÍCULA GRATUÍTA POR MATRÍCULA DE HONRA**

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

### **7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA EMPRESA "NINGURES PRODUCCIÓN, S.L."**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 15.7.14, referente ao convenio de colaboración asinado coa empresa "NINGURES PRODUCCIÓN, S.L.", que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA EMPRESA 'NINGURES PRODUCCIÓN, S.L.'"*

*Visto o convenio de colaboración asinado o día 6.06.2014 entre o Concello de Cangas e a entidade 'NINGURES PRODUCCIÓN, S.L.', para a organización e desenvolvemento da Escola municipal das artes escénicas de Cangas (exercicio 2014).*

*Visto o escrito entregado o día 9.07.2014 no rexistro municipal (entrada nº 8268) no que Salvador Del Río Pérez, con DNI 36071421-S, en representación da mencionada entidade, achega a documentación esixida na cláusula cuarta do convenio, e solicita o cobro da subvención.*

*Examinada a conta xustificativa comprensiva dos gastos efectuados, compróbase que esta cumpre co estipulado no referido convenio, en canto a gastos subvencionables e requisitos dos documentos que acreditan a realización do gasto. Así mesmo, a beneficiaría achegou a documentación á que viña obrigada segundo o convenio suscrito, tales como declaracións responsables, documentos xustificativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, así como memoria das actuacións realizadas.*

*Visto que a competencia relativa á concesión de subvencións corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude da delegación efectuada mediante Resolución desta Alcaldía de data 16.06.2011 (apartado primeiro.7 da súa parte dispositiva).*

*De acordo co exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa presentada pola entidade 'NINGURES PRODUCCIÓN, S.L.', con CIF nº B36302784, relativa ao convenio de colaboración asinado con este concello o día 6.06.2014, para a organización e desenvolvemento da Escola municipal das artes escénicas de Cangas.*

*Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de 3.000 € a favor de NINGURES PRODUCCIÓN S.L con cargo á aplicación 335.48 do vixente orzamento de gastos.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Intervención."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao convenio de colaboración asinado coa empresa "NINGURES PRODUCCIÓN, S.L."

## **8º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/COMPROMISO DO CONCELLO DE CANGAS PARA A ACHEGA DA PORCENTAXE DO ORZAMENTO DO PROXECTO DENOMINADO "ADECUACIÓN PARQUES INFANTÍS CONCELLO" (AVDA. DE OURENSE-CASTRILLÓN)**

Dase conta de resolución da Alcaldía do día 17 de xullo de 2014, referente a compromiso do Concello de Cangas, para a achega da porcentaxe do orzamento do proxecto denominado "ADECUACIÓN PARQUES INFANTÍS CONCELLO" (AVDA. DE OURENSE-CASTRILLÓN), que di o seguinte:

### "RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

*Visto que o Concello de Cangas, mediante resolución de Alcaldía do día 28.04.14, solicitou unha subvención ao abeiro da Orde do 1 de abril de 2014 da Consellería de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a execución de infraestruturas de uso público do ano 2014, destinados aos concellos de Galicia, para o proxecto denominado 'ADECUACIÓN PARQUES INFANTÍS CONCELLO' -Avda. Ourense-Castrillón- cun orzamento total de TRINTA E NOVE MIL NOVECENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (39.974,69 €), aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.*

*Visto que o día 10 de xullo de 2014 (Rex. entrada núm. 8339) recibíuse requirimento da Secretaría Xeral de Cultura, para a aportación de certificado no que se faga constar que a corporación local se compromete a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda.*

*Esta Alcaldía RESOLVE:*

*Primeiro.- Asumir o compromiso do Concello de Cangas de achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto denominado 'ADECUACIÓN PARQUES INFANTÍS CONCELLO' (Avda. Ourense-Castrillón) que lle corresponda.*

*Segundo.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a compromiso do Concello de Cangas, para a achega da porcentaxe do orzamento do proxecto denominado "ADECUACIÓN PARQUES INFANTÍS CONCELLO" (AVDA. DE OURENSE-CASTRILLÓN).

**SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

## 9º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

### 9.A) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

<b>NOME E DNI</b>	<b>ENDEREZO</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
JOSE LUIS PÉREZ CONDE DNI nº 76.897.067-V	Rúa Contrasto Torneiros, nº 1A-O Porriño-Pontevedra	Pinténs, nº 51-O Hío. Autorízase a renovación dos sinais de pasaxe permanente nº 646 e nº 647, concedidos en X.G.L. do día 11.7.07 ao solicitante. Condiciónase a presente autorización á devolución dos sinais deteriorados no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa os referidos números e á concesión duns números novos.

### 9.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN NO CAMIÑO DO GATAÑAL

Visto o informe emitido o día 11.7.14 pola Policía Local, referente a solicitude de sinalización no Camiño do Gatañal, peticionado por Manuel Molanes Dasilva, con enderezo en Camiño do Gatañal, nº 18-Darbo, na que reclama sinalización para o referido lugar, por problemas de tráfico.

*"Nº REX: 1369/2014*

*ASUNTO: PEDIMENTO DE SINAL NO CAMIÑO DO GATAÑAL, 18.*

*A Policía Local informa en relación a pedimento de sinal de estrada cortada solicitada por Manuel Molanes Dasilva. Sería conveniente colocar un sinal de camiño sen saída como pide o solicitante, achégase informe fotográfico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar o pedimento realizado polo Sr. Molanes Dasilva, para sinalización en Camiño do Gatañal, nº 18-Darbo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

### **10º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

Dase conta de sentenza nº 368/2014 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no auto de recurso de apelación nº 4297/13 e procedemento ordinario nº 22/2012, promovida por "IMAXE URBÁ CANGAS, S.L.".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 368/2014 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no auto de recurso de apelación nº 4297/13 e procedemento ordinario nº 22/2012, promovida por "IMAXE URBÁ CANGAS, S.L.".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Urbanismo.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SERVIZO EXTERNO DOCENTE PARA IMPARTICIÓ DA FORMACIÓN DE 2 ACCIÓNS FORMATIVAS DO PLAN AFD.**

Vista a proposta da Alcaldía do día 21.7.14, referente a aprobación de expediente de contratación para o servizo externo docente para impartición da formación de 2 accións formativas do Plan AFD, que di o seguinte:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

*Dada a necesidade deste concello de contratar a o servizo para a impartición da formación específica prevista nos certificados de profesionalidade correspondentes a 2 accións formativas do Plan AFD, concretamente á especialidade formativa de CREACIÓN E XESTIÓN DE MICROEMPRESAS que o Concello de Cangas desenvolverá neste ano, en virtude da subvención que lle concedeu a Consellería de Trabado e Benestar da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2013 (EXPEDIENTE: AFD 2014/000074-5).*

*Visto que, dada a característica do servizo e os prazos de xustificación establecidos na indicada Orde do 23 de decembro de 2013, parece que o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, xa que o importe do contrato ascendería á cantidade de 35.856 euros.*

*Visto que se aprobou por resolución da Alcaldía, o día 16 de xullo, iniciar o expediente para a devandita contratación e que se motivou a necesidade e idoneidade da contratación proposta.*

*Visto que consta no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 21 de xullo de 2014, así coma, o correspondente documento de retención de crédito.*

*Visto que foron redactados e achegados ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán a adxudicación do contrato.*

*Despois de examinar a documentación achegada e de conformidade co establecido no artigo 110 e na disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro,*

*PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizo externo docente para a impartición da formación de 2 accións formativas do plan AFD, correspondentes ás dúas á especialidade de "Creación e xestión de microempresas", que desenvolverá o Concello de Cangas no ano 2014, subvencionadas pola Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2013.*

*SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 35.856 euros (exento de IVE), o gasto que para este Concello representa a contratación do servizo por procedemento negociado con publicidade, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2012.*

*TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de contrato de servizo externo docente*

*para a impartición da formación de 2 accións formativas do plan AFD, correspondentes ás dúas á especialidade de "Creación e xestión de microempresas" por procedemento negociado sen publicidade.*

*CUARTO.- Solicitar ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar o expediente de contratación para o servizo externo docente para impartición da formación de 2 accións formativas do Plan AFD.

## **B) APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN CATRO CENTROS DE ENSINO DO CONCELLO DE CANGAS, 2013-2015**

Dase conta de proposta do día 21.7.14 do concelleiro de educación, referente a aprobación de conta xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do Concello de Cangas, 2013-2015, que é como segue:

### "PROPOSTA

*De conformidade coa documentación que consta no expediente da subvención concedida a este concello, ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do Concello de Cangas, 2013-2015, PROPOÑO:*

*\* Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida polo importe de 8.626,23 euros, a este concello, ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do Concello de Cangas, 2013-2015, ascendendo o importe total do gasto nos catro centros escolares subvencionados a 22.814,82 euros, desde decembro de 2013 ata xuño de 2014, e segundo o seguinte desglose:*

*- Colexio Público da Rúa: 5.761, 62 euros.*

*- Colexio Pública de Espiñeira: 4.077,15 euros.*

- Colexio do Hío: 3.585,56 euros.

- Colexio de Nazaret: 10.772,40 euros.

- *Cumpriuse a finalidade da subvención.*
- *Tomouse razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e os fondos aplicáronse para tal efecto, de conformidade coa documentación que consta no expediente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta do concelleiro de educación, transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros de ensino público non universitario do Concello de Cangas, 2013-2015.

### **C) INFORME URBANÍSTICO S/EXPEDIENTE Nº 25/14, PROMOVIDO POR "PISCÍCOLA DO MORRAZO, S.A.", PARA AMPLIACIÓN DE CUBERTA DE NAVE E CONSTRUCCIÓN DE CERRAMENTO NOS CASTROS-NERGA.**

**EXPEDIENTE Nº 25/14.-** En relación coa solicitude de autorización autonómica para ampliación de cuberta de nave e construción de cerramento nos Castros-Nerga-O Hío, promovido por "PISCÍCOLA DO MORRAZO, S.A.", a Xunta de Goberno Local, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica presentado por "PISCÍCOLA DO MORRAZO, S.A.", no senso de tramitar en solo rústico de protección de espazos naturais e costas, autorización autonómica para a ampliación de cuberta de nave e construción de cerramento, achegando proxecto elaborado polo enxeñeiro de minas, David Rodríguez Besada, do día 30 de maio de 2014, sita en parcela de referencia catastral 36008A018005290000JE, o uso é autorizable pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33, 36 e 39 e a DT 1 f) da LOUGA.

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo tramitado á consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo (secretario ou secretaria xeral competente en materia de urbanismo), para que examine a adecuación da solicitude citada anteriormente á Lei 9/2002, do 30 de decembro, e aos instrumentos de ordenación do territorio e para que resolva, no prazo de tres meses, unha vez sometido o expediente ao trámite de información pública contido no artigo 41 da LOUGA.

TERCEIRO.- Solicitar o preceptivo informe da consellería competente en materia de conservación de espazos naturais sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal e da UE que resulten aplicables, informe á Dirección Xeral de Sostibilidade e Paixase, de conformidade co establecido no artigo 51.4 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba o POL e informe á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace  
o presidente